

**REUNIÓN DA COMISIÓN 2ª,
ORDENACIÓN TERRITORIAL, OBRAS
PÚBLICAS, MEDIO AMBIENTE E
SERVIZOS**

Día: 21.02.2019 Hora: 10:30

A Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 21 de febreiro de 2019, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Proposicións non de lei

- 1.1 39343 (10/PNC-003161)
Grupo Parlamentario de En Marea
Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación na que se atopan as persoas residentes nun edificio de vivendas de protección oficial na Patiña, no concello de Cambre, afectadas pola rescisión do seu contrato de alugamento
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 378, do 31.10.2018
- 1.2 40490 (10/PNC-003271)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Álvarez Martínez, Luis Manuel e Pierres López, María Luisa
Sobre o estudo polo Goberno galego, en colaboración coas deputacións provinciais de Pontevedra e da Coruña, da posibilidade de asumir a titularidade da estrada AC-533, da ponte de Catoira e da EP-8001
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 390, do 28.11.2018
- 1.3 41604 (10/PNC-003390)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación co proxecto de ampliación da actual estación depuradora de augas residuais supramunicipal dos Praceres, en Lourizán, na ría de Pontevedra
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 400, do 18.12.2018
- 1.4 43112 (10/PNC-003470)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para a aprobación e licitación do proxecto, no ano 2019, das obras de mellora dos accesos a Setados, no concello das Neves
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 418, do 24.01.2019
- 1.5 43358 (10/PNC-003486)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego



Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en materia de seguridade viaria
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 418, do 24.01.2019

- 1.6 43941 (10/PNC-003514)
Grupo Parlamentario de En Marea
Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón
Sobre a actuación da Xunta de Galicia en relación coa elaboración dun plan de rexeneración do litoral afectado polas obras do porto de Sanxenxo
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 418, do 24.01.2019
- 1.7 44217 (10/PNC-003541)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Moreira Ferro, Jacobo e 7 máis
Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Ministerio de Fomento en relación coa definición do trazado do treito A Ermida-Pilarteiros da autovía A-57 e coa tramitación do expediente para a execución do proxecto
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 422, do 30.01.2019

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 13 de febreiro de 2019

Jaime Castiñeira Broz
Presidente da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 2ª, ORDENACIÓN TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS, MEDIO AMBIENTE E SERVIZOS

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidente	
Jaime Castiñeira Broz	P
Vicepresidenta	
Marta Nóvoa Iglesias	P
Secretario	
Antón Sánchez García	EM

Vogais

Luis Manuel Álvarez Martínez	S
Xosé Luís Bará Torres	BNG
Marcos Cal Ogando	EM
Martín Fernández Prado	P
Jacobo Moreira Ferro	P
María Luisa Pierres López	S
María Julia Rodríguez Barreira	P
Gonzalo Trenor López	P
Daniel Luís Varela Suanzes-Carpegna	P

**Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos**

Día: 21.02.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1. Proposicións non de lei

**Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos**

Día: 21.02.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.1 39343(10/PNC-003161)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación na que se atopan as persoas residentes nun edificio de vivendas de protección oficial na Patiña, no concello de Cambre, afectadas pola rescisión do seu contrato de alugamento

Publicación da iniciativa, 378, 31.10.2018

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa dos seus deputados **Antón Sánchez García e Marcos Cal Ogando**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei**, para o seu debate na **Comisión 2.^a**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Galicia continúa padecendo o drama dos desafiuzamentos. Segundo o informe “Efectos da crise económica nos órganos xudiciais” elaborado polo Consello Xeral do Poder Xudicial (CXPX), no ano 2017, o número de lanzamentos hipotecarios ou desafiuzamentos practicados foi de 2.493, un 4,6% máis que o ano anterior. Isto contrasta co feito de que no conxunto do Estado o número de lanzamentos hipotecarios ou desafiuzamentos, así como o de concursos de acredores, reduciuse ata chegar aos niveis máis baixos da última década.

A situación no ano 2018 é practicamente a mesma, con un matiz: o paro entre o persoal de xustiza provocou un descenso do 55% dos lanzamentos. A proba de que o descenso se debe á folga é que o número de execucións hipotecarias que se iniciaron en Galicia entre o 1 de xaneiro e o 31 de marzo foi practicamente o mesmo que o ano pasado. No ano 2017 presentáronse 289 demandas; no 2018, 288. Todo isto sucede sen que a Xunta de Galicia poña solucións sobre a mesa para protexer ás familias que afrontan unha maior situación de vulnerabilidade.

Estámolo a comprobar agora no bloque número dous de A Patiña, en Cela, Cambre. A consultora Altamira, do banco Santander, iniciou o procedemento para botar a ducias de familias das súas casas, 27 das cales reciben axudas dos servizos sociais e 12 de emerxencia social. No lugar habitan parados de longa



duracións, mulleres vítimas de violencia de xénero, persoas con problemas de mobilidade, anciáns... que pagan entre 200 e 310 euros pola vivenda.

O edificio foi construído nos anos 90 por Fadesa, tras chegar a un acordo co Goberno da Xunta para alugar os pisos a persoas desfavorecidas durante 20 anos. Porén, no inicio da crise económica, Fadesa decidiu vender o inmovible a Altamira, que xestiona os activos inmobiliarios do Santander.

Hai un tempo xa que a axencia subcontratada por Altamira deixou de cumprir coas labores que lle correspondían de mantemento e reparación, polo que moitos veciños levan meses vivindo nunhas condicións lamentables, soportando, entre outras cousas, humidades e fungos.

Segundo denuncian as veciñas e veciños dende fai meses, a presión que se exerce sobre eles para que marchen aumentou significativamente. Varios recibiron cartas ameazantes nas que se lles indicaba que o seu contrato ía expirar. A algúns se lles ofreceu renegociar á alza as súas rendas; a outros se lles dixo directamente que teñen que irse.

Novamente, a banca e os fondos voitre tentan facer negocio coa miseria da xente, sen importarlles a quen se levan por diante. Isto ten que mudar, e ten que facelo de inmediato. Cómpre que a Xunta de Galicia tome medidas urxentes.

É preciso, polo tanto, que a Xunta deteña esta deriva e que actúe para garantir o dereito de todos e todas a ter un fogar; dereito que nunca se lle debeu conculcar a ninguén.

Por todo o dito, o Grupo Parlamentario de En Marea, formula a seguinte
Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2.ª:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a levar a cabo todas as actuacións necesarias para garantir a estabilidade e o dereito á vivenda das persoas residentes na Patiña, en Cambre, iniciando de inmediato un proceso de información, diálogo e cooperación coas persoas afectadas, comezando por responder á petición de xuntanza destes.

Santiago de Compostela, 24 de outubro de 2018.

Asdo.: Antón Sánchez García
Deputado e Voceiro S. do G.P. de En Marea.
Marcos Cal Ogando
Deputado do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 24/10/2018 13:58:09

Marcos Cal Ogando na data 24/10/2018 13:58:17

**Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos**

Día: 21.02.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.2 40490(10/PNC-003271)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Pierres López, María Luisa

Sobre o estudo polo Goberno galego, en colaboración coas
deputacións provinciais de Pontevedra e da Coruña, da
posibilidade de asumir a titularidade da estrada AC-533, da
ponte de Catoira e da EP-8001

Publicación da iniciativa, 390, 28.11.2018



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, Luís Manuel Álvarez Martínez, e da súa deputada, María Luisa Pierres López, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª.

A ponte de Catoira une, a través da estrada EP-8001, o concello de Catoira na provincia de Pontevedra co de Rianxo na provincia da Coruña, a través da estrada AC-533.

É unha infraestrutura cuxa titularidade é compartida entre a Deputación da Coruña e a Deputación de Pontevedra.

Ademais ten unha elevada densidade de tráfico posto que conecta a autovía AG-11 coa autoestrada AP-9, actuando como verdadeiro eixe vertebrador entre ambas provincias tanto de tráfico lixeiro como pesado, posto que se evita ter que chegar a Padrón para empregar un ou outro viario (AG-11 ou AP-9) aforrando aproximadamente 27 quilómetros; como consecuencia dese elevado tráfico, tanto as estradas como particularmente a ponte, están a sufrir deterioracións.

Desde a reforma integral da ponte do ano 2004, foron as administracións provinciais as que seguiron realizando o seu mantemento; pese a iso, a día de hoxe, a ponte presenta de novo moitos problemas en distintos aspectos, como o asfalto, as xuntas de dilatación ou na iluminación.

Consideramos que dado que as estradas mencionadas e a ponte de Catoira que as conecta son en realidade unha única vía de conexión interprovincial, a competencia debería ser asumida pola Xunta de Galicia, e como consecuencia o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a estudar en colaboración cás deputacións de Pontevedra e A Coruña a asunción da titularidade da estrada AC-533, a ponte de Catoira e a EP-8001, por tratarse dunha infraestrutura que une dúas provincias e presentar un carácter vertebrador entra ambas as dúas provincias.

Pazo do Parlamento, 19 de novembro de 2018



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/11/2018 16:34
Nº Rexistro: 40490
Data envío: 19/11/2018 16:34:35.872

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 19/11/2018 14:06:25

María Luisa Pierres López na data 19/11/2018 14:06:33

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 19/11/2018 14:06:40

**Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos**

Día: 21.02.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.3 41604(10/PNC-003390)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación co proxecto de ampliación da actual estación depuradora de augas residuais supramunicipal dos Praceres, en Lourizán, na ría de Pontevedra

Publicación da iniciativa, 400, 18.12.2018



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/12/2018 17:53:06
Nº Rexistro: 41604
Data envío: 10/12/2018 17:53:06.622

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Patricia Vilán Lorenzo, Luís Manuel Álvarez Martínez e María Luisa Pierres López**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Exposición de motivos

En Lourizán (Pontevedra), a planta depuradora supramunicipal de Os Praceres está xestionada directamente por Augas de Galicia. Esta EDAR encárgase do tratamento das augas residuais urbanas da capital da provincia, xunto coas de Marín e parte dos municipios de Poio, Sanxenxo, Vilaboa e Ponte Caldelas.

Como consecuencia, a ría de Pontevedra vén soportando un tratamento de augas residuais excesivo, ademais de padecer unha deficiente depuración ao non estar rematadas as redes de colectores nin as estacións de tratamento previstas: declaración de especial sensibilidade da ría, varios pósitos declarados zona C e procedementos de infracción en materia de saneamento e depuración pola UE, un deles pola contaminación no eixo Pontevedra-Marín-Poio-Bueu.

No mes de xuño anterior ás últimas eleccións autonómicas, a ex conselleira de Medio Ambiente e o conselleiro delegado de Ence (en presenza do vicepresidente da Xunta) firmaban un “pacto ambiental” que comprometía á pasteira a investir 193,6 millóns de euros nos seguintes 4 anos, incluída a mellora da EDAR, ampliada e modernizada a través dun convenio propio que se ía firmar. Xa neste ano 2018, no mes de maio o ex director de Augas de Galicia dáballe a coñecer á Comisión de seguimento do Plan de saneamento local da ría de Pontevedra o proxecto de ampliación da EDAR, con dobre de capacidade e ocupación do dobre de espazo nos terreos contiguos á actual e no mes de setembro, nunha nova reunión, as conselleiras de Medio Ambiente e do Mar presentaron as conclusións do estudo de alternativas para a ampliación. Finalmente, o día 26 dese mesmo mes, o director de Augas de Galicia e o delegado da Xunta de Galicia en Pontevedra comunicaron a intención de triplicar a dita instalación.

O rexeito veciñal e da Corporación municipal de Pontevedra (unanimemente) é claro e rotundo, tanto que a actual conselleira de Infraestruturas fala agora de obras de mellora da estación depuradora e xa non de ampliación. Quizais porque



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/12/2018 17:53:06
Nº Rexistro: 41604
Data envío: 10/12/2018 17:53:06.622

no Ministerio de Transición Ecolóxica nada semellan saber de ningunha solicitude de ampliación da ocupación por parte da Xunta de Galicia.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

1. O Parlamento galego insta, con relación á planta depuradora supramunicipal de Os Praceres (Lourizán-Pontevedra), a Xunta de Galicia a:
 - a) Desbotar o proxecto de ampliación da actual EDAR, excluíndoo do Plan de saneamento local da ría de Pontevedra.
 - b) Adecuar o proxecto de mellora da dita EDAR á normativa da UE, dentro do perímetro da actual concesión.
2. O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia para demandar do Goberno do Estado, a non autorizar a ocupación de terreos necesarios para a ampliación da EDAR.

Pazo do Parlamento, 10 de decembro de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Luís Manuel Álvarez Martínez
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 10/12/2018 17:51:37

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 10/12/2018 17:51:43

María Luisa Pierres López na data 10/12/2018 17:51:47

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 10/12/2018 17:51:52



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

**Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos**

Día: 21.02.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.4 43112(10/PNC-003470)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para a aprobación e licitación do proxecto, no ano 2019, das obras de mellora dos accesos a Setados, no concello das Neves

Publicación da iniciativa, 418, 24.01.2019



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/01/2019 10:14:47
Nº Rexistro: 43112
Data envío: 11/01/2019 10:14:47.003

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A estrada PO 400 é un vial de titularidade autonómica que comunica os concellos de As Neves, Arbo e Crecente. Ao seu paso polo Concello das Neves esta estrada adoece de diversas deficiencias de trazo e seguridade viaria, que poñen en risco tanto a circulación de vehículos como as persoas que viven na súa contorna.

Un dos puntos máis perigosos, un auténtico punto negro, é a intersección de Setados, no punto quilométrico 9+980. Nesta zona, a falta de visibilidade na incorporación desde a estrada local, a imposibilidade de xirar á esquerda en dirección As Neves, e a velocidade a que circulan os vehículos son factores que converten o acceso desde a parroquia de Setados nunha auténtica “ruleta rusa”. Son frecuentes os accidentes e as situacións de perigo, e en calquera momento, se non se lle pon remedio, pode producirse unha traxedia.

CSM-REXISTRO-KK-KUGUQg-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramitas/csv/>





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/01/2019 10:14:47
Nº Rexistro: 43112
Data envío: 11/01/2019 10:14:47.003

A situación de elevado risco para a integridade e a vida de automobilistas que se incorporan neste punto é un grave problema ao que cómpre procurar solución, que pasa por actuar sobre a estrada para mellorar a visibilidade, calmar o tráfico e facilitar as incorporacións desde a parroquia de Setados tanto en dirección As Neves como en dirección Arbo.

A situación de perigosidade que se dá neste punto determinou que no ano 2014 a Xunta de Galiza encargase un Estudo para a Mellora da Intersección no PK 9+980 da PO 400 (As Neves), no cal de previa unha importante mellora tanto nas incorporacións desde o viario municipal á estrada autonómica como o acceso á PO 400 desde a estrada local. Estas manobras gañarían moito en canto a visibilidade e seguridade coa creación dun terceiro carril na PO 400.

A realidade é que, despois de transcorridos máis de catro anos desde a redacción do citado estudo, non se deu ningún paso adiante para facer realidade esta obra tan demandada. E isto malia as reiteradas demandas do Concello das Neves, que ademais manifestou a súa dispoñibilidade a colaborar na execución desta actuación habilitando nos orzamentos municipais de 2016, 2017 e 2018 unha partida de 50.000 euros para facer fronte aos custos de expropiación dos terreos.

Esta ausencia de investimento por parte da Xunta de Galiza nesta perigosa intersección contrasta coa realización de investimentos noutros treitos desta estrada, nomeadamente no Concello de Arbo.



CSV REXISTRO-HKTUQUQg-3

Verificado

<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/01/2019 10:14:47
Nº Rexistro: 43112
Data envío: 11/01/2019 10:14:47.003

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 2ª:

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a aprobar o proxecto e licitar no ano 2019 as obras de mellora dos accesos a Setados, no Concello das Neves, denominado tecnicamente *Mellora de intersección no PK 9+980 da PO 400.*”

Santiago de Compostela, 11 de xaneiro de 2019

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:



CSV REXISTRO-K1K1GUQg-3
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 11/01/2019 10:14:47

Nº Rexistro: 43112

Data envío: 11/01/2019 10:14:47.003

Xosé Luis Bará Torres na data 11/01/2019 09:56:54

María Montserrat Prado Cores na data 11/01/2019 09:56:59

Ana Pontón Mondelo na data 11/01/2019 09:57:01

Xose Luis Rivas Cruz na data 11/01/2019 09:57:02

Olalla Rodil Fernández na data 11/01/2019 09:57:04

Noa Presas Bergantiños na data 11/01/2019 09:57:06

CSV REXISTRO-K1K1GUQg-3
Validado
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



**Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos**

Día: 21.02.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.5 43358(10/PNC-003486)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e
as demandas que debe realizar ao Goberno central en materia
de seguridade viaria

Publicación da iniciativa, 418, 24.01.2019



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2019 13:23:15
Nº Rexistro: 43358
Data envío: 14/01/2019 13:23:15.448

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. Os datos de vítimas mortais nas estradas galegas no ano 2018 fixeron saltar todas as alarmas ao producirse unha cifra provisional de 104 mortes, o que supón un incremento de 28 con respecto ao 2017, no que se produciron 76 vítimas mortais.

Realmente estes datos só reflicten unha parte das estatísticas de mortalidade nas estradas, que en realidade é máis elevada ao cuantificarse as vítimas mortais logo dos 30 días posteriores ao accidente (A cifra definitiva de mortes en 2017 foi de 100). E cómpre tamén ter en conta que nas estatísticas da DXT non se contabilizan as persoas falecidas no ámbito urbano (só nas travesías urbanas que corresponden a estradas de titularidade estatal ou autonómica).

2. Na período comprendido entre 2008 e 2018 morreron 1.278 persoas nas estradas galegas. A esta enorme traxedia humana e social que representan as mortes hai que engadir as graves consecuencias e os elevados custos das persoas que sofren lesións, especialmente aquelas que sofren lesións graves e secuelas permanentes.

CSM-REXISTRO-nREBQ4d4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramitas/csv/>





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA

REXISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 14/01/2019 13:23:15

Nº Rexistro: 43358

Data envío: 14/01/2019 13:23:15.448

Estamos pois diante dunha situación que xera alarma social, dramas humanos e que polo tanto debe ser obxecto de máxima atención e preocupación por parte de todas as administracións con competencias na materia: administración central, autonómica e local. E que debería dar lugar a unha resposta coordinada, conxunta e moito máis eficaz, que a xuízo do BNG debe pasar pola revisión, actualización e elaboración dun novo Plan de Seguridade Viaria de Galiza que sexa froito dun amplo proceso de participación e diálogo e que comprometa os esforzos do conxunto da sociedade e de todas as administracións.

A xuízo do BNG a Xunta de Galiza está instalada nunha actitude rotineira e conformista, que non está á altura dun repto destas dimensións. Os debates de ámbito estatal, as medidas anunciadas pola Dirección Xeral de Tráfico e experiencias exitosas en diversos ámbitos deben ser o punto de partida para comezar un debate público e procurar actuacións eficaces para combater con todos os medios dispoñíbeis a violencia viaria, sensibilizar as persoas usuarias das vías con medidas formativas e informativas, prever comportamentos potencialmente perigosos, protexer os usuarios máis vulnerábeis e actuar nas estradas para que sexan máis seguras.

2. Os datos da Memoria de Seguridade Viaria de Galiza correspondente ao ano 2017, publicada en outubro de 2018, revela datos preocupantes en relación coa sinistralidade e as vítimas na rede de titularidade autonómica:

- Elevado número de vítimas mortais (43). E elevada porcentaxe sobre o número total de vítimas.



CSV: REXISTRO-nREBQd4

Verificado

<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA

REXISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 14/01/2019 13:23:15

Nº Rexistro: 43358

Data envío: 14/01/2019 13:23:15.448

	2013	2014	2015	2016	2017
Mortos na rede da Xunta	39	55	46	44	43
% mortos sobre o total da Rede de Galiza	33,3%	43,7%	37,4%	35,2%	43,0%

-Elevado número de accidentes en xeral (42, 56%) e de vítimas mortais en travesías urbanas (44,19%).

- Elevado número de accidentes (93) e de mortes por atropelo de peóns (13). Destas 13 mortes, 8 producíronse en travesías urbanas.

3. Un dos aspectos centrais para unha xestión integral das estradas e da seguridade viaria é que Galiza asuma as competencias en materia de tráfico, circulación de vehículos e seguridade viaria. Esta demanda xa foi obxecto de acordos unánimes do parlamento galego, mais foi vetada polo parlamento e polo goberno do Estado.

A asunción das competencias en materia de tráfico e seguranza viaria debe ir acompañada do desenvolvemento da Lei de creación da policía autonómica galega, en vigor desde xuño de 2007 mais que ficou gardada nun caixón.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en comisión:



CSV REXISTRO-nREBQd-4

Verificado

<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2019 13:23:15
Nº Rexistro: 43358
Data envío: 14/01/2019 13:23:15.448

“O Parlamento insta á Xunta de Galiza a:

1. Abrir un proceso de diálogo e participación social para a aprobación no ano 2019 dun Novo Plan de Seguridade Viaria de Galiza para o período 2020-2024.
2. Convocar, no primeiro trimestre de 2019, unha Mesa institucional e social pola seguridade viaria nas estradas co obxecto de acordar medidas extraordinarias e urxentes que deberán desenvolver de maneira coordinada todas as administracións titulares de estradas a partir do segundo semestre de 2019.
3. Demandar do goberno do Estado a transferencia das competencias en materia de tráfico, circulación de vehículos e seguridade viaria nos termos do Proxecto de lei aprobado polo Parlamento galego o 8 de abril de 2008.”

Santiago de Compostela, 14 de xaneiro de 2019

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG



CSV REXISTRO-nREBQd4-4

Verificado

<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



BLOQUE
NACIONALISTA
GALIGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 14/01/2019 13:23:15

Nº Rexistro: 43358

Data envío: 14/01/2019 13:23:15.448

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 14/01/2019 13:17:39

María Montserrat Prado Cores na data 14/01/2019 13:17:49

Ana Pontón Mondelo na data 14/01/2019 13:17:51

Xose Luis Rivas Cruz na data 14/01/2019 13:17:53

Olalla Rodil Fernández na data 14/01/2019 13:17:54

Noa Presas Bergantiños na data 14/01/2019 13:17:56

CSV REXISTRO-nREbQd4
Verificado
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



**Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos**

Día: 21.02.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.6 43941(10/PNC-003514)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón

Sobre a actuación da Xunta de Galicia en relación coa
elaboración dun plan de rexeneración do litoral afectado
polas obras do porto de Sanxenxo

Publicación da iniciativa, 418, 24.01.2019



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/01/2019 12:52:12
Nº Rexistro: 43941
Data envío: 17/01/2019 12:52:12,052



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa dos seus deputados **Marcos Cal Ogando e Antón Sánchez García**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2.ª**.

Exposición de motivos

A veciñanza do entorno da praia de A Carabuxeira, no Concello de Sanxenxo, leva moito tempo denunciando a existencia de verquidos constantes neste areal: presenza de espuma, malos cheiros, algas e mesmo etiquetas coa palabra mexillón, polo que sospeitan que os verquidos poden proceder dalgunha depuradora.

A veciñanza ven alertando que esta agresión directa ao mar estase producindo moi a miúdo, que teñen feito diversas denuncias, peticións de investigación e busca de solución á problemática en distintas instancias sen resultado algún, poñendo o acento na deixadez das autoridades competentes.

Esta denuncia súmanse á que veñen realizando dende hai anos esta mesma veciñanza, afectada polo estado de deterioro da praia, que ten perdido gran parte da area e xa están as olas afectando aos inmobles máis próximos, debido ao cambio das correntes provocado pola construción ilegal do Porto deportivo de Sanxenxo.

Na construción do dique de abrigo do Porto de Sanxenxo, obra que se acomete nos anos 1997-98, concorren unha serie de irregularidades que causan un dano ata o de agora irreversible ao litoral deste coñecido enclave turístico galego.

CSX-REXISTRO-bwkaBwFh-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramiles/csv/>





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/01/2019 12:52:12
Nº Rexistro: 43941
Data envío: 17/01/2019 12:52:12.052



O proxecto plantexouse seguindo as dinámicas irracionais das institucións naqueles anos. É dicir, tratábase dunha obra de gran envergadura, elevado coste de amortización e pensada para as elites. Basta sinalar que o proxecto non contempla as necesidades da flota pesqueira. Prodúcese un desprazamento do uso tradicional do porto pesqueiro de Sanxenxo en favor do deportivo, tanto en servizos de terra como en zona de fondeo, atraque e resguardo das embarcacións.

A obra realizouse a pesar das moitas irregularidades nas que se concorreu ante a pasividade ou complicidade da Xunta de Galicia.

Iniciouse a obra sen presentar o estudo de efectos ambientais, non houbo informes arqueolóxicos nin sobre patrimonio cultural, autorizouse a ampliación triplicando o espazo da concesión sen dar conta de afectación de ningún tipo e demais cacicadas para sacar adiante este proxecto sen ningún tipo de control por parte da administración.

Inexplicablemente, estas ilegalidades non tiveron a repercusión lóxica que sería unha orde de demolición, reposición ou derribo do construído. Todo quedou resolto coa redacción dun plan de rexeneración e medidas compensatorias que aínda hoxe está sen executar. Constituíuse un aval bancario por unha cantidade, a día de hoxe, manifestamente insuficiente, a cargo da empresa concesionaria.

O cambio na dirección das correntes mariñas producidas polo novo dique, entre outras desfeitas ecolóxicas, transformou nun pedregal a praia da Carabuxeira, afectando non só ao disfrute dos areais se non tamén aos muros, cimentacións das vivendas, instalación e acceso á praia.





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/01/2019 12:52:12
Nº Rexistro: 43941
Data envío: 17/01/2019 12:52:12.052



A desfeita realizada no litoral Sanxenxino debería ser obxecto de estudo rigoroso e a rexeneración da praia da Carabuxeira tería que ser exemplar, para non afondar aínda máis nos xa graves problemas creados polas políticas baseadas na especulación.

En Marea xa defendeu unha iniciativa na que instamos ao Goberno da Xunta de Galicia a que iniciase os trámites para a recuperación da praia da Carabuxeira e o seu entorno, á reparación das vivendas afectadas e a devolución desa parte do litoral ao seu estado anterior á construción do Porto Deportivo que contou co voto negativo do PP, posición que mudou despois de que Telmo Martín accedese á alcaldía de Sanxenxo.

Tamén dende En Marea preguntamos ao Goberno galego sobre as actuacións que deberían levar a cabo para rexenerar esta parte do litoral, respondéndonos que a Xunta de Galicia propuxo a creación dun grupo de traballo coas 3 partes implicadas, mal formulado, xa que implicadas hai máis axentes, refírese a responsables (Costas, Concello e Portos) para establecer un plan de actuación en función das competencias de cada Administración neste ámbito.

Recentemente o Alcalde indicou ás veciñas do entorno da praia de Carabuxeira que o único que se intentara é un recheo de area, descoñecéndose a súa viabilidade ademais de facer un paseo de formigón e tamén cubrir de cemento o único parque natural que queda nese entorno, mostrando o seu nulo interese por afrontar a solución ao problema e a súa total falta de sensibilidade ambiental, máis non debería sorprendere a ninguén tendo en conta que falamos dun alcalde do PP que ten feito manifestacións machistas e xenófobas e que está condenado por cobrar sobrecostes en vivenda protexida ou construír ilegalmente edificios en primeira liña de praia, un verdadeiro perigo público ao mando dunha administración local.



CSV REXISTRO-bwka9awFh-7

Verificado

<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/01/2019 12:52:12
Nº Rexistro: 43941
Data envío: 17/01/2019 12:52:12.052



Esta situación é insostible e intolerable, polo que é preciso unha actuación urxente para acabar cos verquidos e comezar coa necesaria rexeneración desta parte do litoral sanxenxino.

Polo exposto, presentase a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a actuar con urxencia, con todos os medios á súa disposición, para rematar cos verquidos e traballar, xunto coas outras administracións afectadas, nun plan de rexeneración do litoral afectado polas obras ilegais do Porto de Sanxenxo

Santiago de Compostela, 16 de xaneiro de 2019.

Asdo.: Marcos Cal Ogando

Antón Sánchez García

Deputado e voceiro s. do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Marcos Cal Ogando na data 17/01/2019 12:04:21

Antón Sánchez García na data 17/01/2019 12:04:31

CSV REXISTRO-bwka9awFh-7
Verificado
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



**Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos**

Día: 21.02.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.7 44217(10/PNC-003541)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Moreira Ferro, Jacobo e 7 máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao
Ministerio de Fomento en relación coa definición do trazado
do treito A Ermida-Pilarteiros da autovía A-57 e coa
tramitación do expediente para a execución do proxecto

Publicación da iniciativa, 422, 30.01.2019



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/01/2019 17:12:18
Nº Rexistro: 44217
Data envío: 21/01/2019 17:12:18.135

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas **Jacobo Moreira Ferro, Guadalupe Murillo Solís, Martín Fernández Prado, Jaime Castiñeira Broz, Marta Novoa Iglesias, Julia Rodríguez Barreira, Gonzalo Trenor López e Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Comisión 2ª Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios**.

Exposición de motivos

Na actualidade, as comunicacións norte-sur entre as cidades de Pontevedra e Vigo realízanse principalmente, ou ben a través da autoestrada AP-9, ou ben a través das estradas convencionais N-552 (Vigo–Redondela) e N-550 (no treito Redondela–Pontevedra). A saturación de tráfico dos eixes anteriores provocou a necesidade de formular unha nova infraestrutura que conforme unha alternativa aos itinerarios actuais e mellore as comunicacións en todo o ámbito. Así, o Ministerio de Fomento deseñou as autovías A-57 e a autovía A-59.

O 29 de outubro de 2005 publicouse no BOE o anuncio da Demarcación de Estradas do Estado en Galicia polo que se somete a información Pública o estudo informativo da Autovía A-57: Pontevedra-Conexión A-52.

A Xunta de Galicia informou favorablemente o 5 de xaneiro de 2006 este estudo informativo, solicitando ao Ministerio de Fomento que se conectara esta nova infraestrutura coa área de Vigo-O Porriño. Neste informe indicábase, así mesmo, que se estimaba imprescindible non só a conexión de Pontevedra coa A-52, senón que se realizase un deseño viario que tamén conectase pola marxe leste da ría de Pontevedra, Redondela e a área de Vigo, desconxestionando tanto a AP-9 en Rande como a N-550.

No BOE do 10 de xullo de 2007 publicouse o anuncio da Demarcación de estradas do Estado en Galicia sobre a Resolución da Secretaría de Estado de Infraestruturas e Planificación pola que se aproba o expediente de información pública e a aprobación definitiva do estudo informativo da Autovía A-57: Pontevedra-Conexión A-52.

A Xunta de Galicia informou favorablemente no 2008 o estudo informativo do Ministerio de Fomento “Conexión da autovía A-57 coa rede arterial de Vigo, e o acceso ao aeroporto de Peinador”, que foi aprobado definitivamente polo Ministerio de Fomento o 10 de febreiro de 2009.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdeg Galicia.com

CSV: REXISTRO-n69p8DU-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramilas/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/01/2019 17:12:18
Nº Rexistro: 44217
Data envío: 21/01/2019 17:12:18.135

O pasado 13 de decembro de dous mil dezaioito publicouse no Boletín Oficial del Estado a o sometemento a información pública do "Documento Técnico para Información Pública Autovía A-57. Tramo: A Ermida – Pilarteiros. Provincia de Pontevedra" e o seu Estudo de Impacto Ambiental.

O documento contempla ademais da alternativa seleccionada no estudo informativo unha alternativa máis exterior, atendendo así ás peticións de varias entidades locais.

Dada a viabilidade de ambas as alternativas, o documento técnico recolle o trazado de cada unha no procedemento de información pública.

A alternativa 1 é de 5,04 quilómetros, con orzamento estimado en 100,15 millóns de euros. A alternativa 2 é de 6,35 quilómetros e un custo estimado de 124,21 millóns de euros.

Ambos os dous trazados están suscitando o rexeitamento da veciñanza e propietarios afectados, principalmente das parroquias de Bora e Xeve, que xa teñen anunciado un elevado número de alegacións, dadas as grandes afeccións das propostas a vivendas, elementos patrimoniais, fauna e flora.

Visto o rexeitamento xeneralizado destes dous trazados, e considerando que se trata dun investimento que supera os cen millóns de euros, consideramos desexable para o interese xeral que o proxecto de trazado que se leve adiante conte co máximo consenso posible das persoas afectadas e que sexa socialmente asumible.

Por todo isto, os deputados e deputadas asinantes do Grupo Popular formulan a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en comisión**:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a solicitar ao Ministerio de Fomento que defina o trazado do treito da A-57 entre A Ermida-Pilarteiros tendo en conta o diálogo cos afectados, a fin de que se adopte unha solución que sexa socialmente asumible e na que se teñan en conta as reivindicacións veciñais que sexan técnicamente viables. E unha vez sexa acordado o trazado cos colectivos afectados, axilice a tramitación administrativa necesaria para levar adiante o proxecto”



Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/01/2019 17:12:18
Nº Rexistro: 44217
Data envío: 21/01/2019 17:12:18.135

Santiago de Compostela, 21 de xaneiro de 2019.

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 21/01/2019 17:06:10

Jacobo Moreira Ferro na data 21/01/2019 17:06:36

María Guadalupe Murillo Solís na data 21/01/2019 17:06:50

Martín Fernández Prado na data 21/01/2019 17:06:59

Jaime Castiñeira Broz na data 21/01/2019 17:07:14

Marta Novoa Iglesias na data 21/01/2019 17:07:22

María Julia Rodríguez Barreira na data 21/01/2019 17:07:34

Gonzalo Trenor López na data 21/01/2019 17:08:09

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 21/01/2019 17:08:19



Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com